



Curso “Organizacións que coidan: mediación e psicoloxía aplicada aos conflitos laborais”

DOCENTE

Javier Wilhelm Wainsztein (12790).

ORGANIZA

Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Cristina Torrado Tarrío (G-4400).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 31 de xaneiro de 2026.
De 09:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS

30.

PREZOS

Psicólogos e psicológas inscritas no rexistro de mediación do COPG.....	Gratuito
Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento en psicoloxía.....	25,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	50,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....	100,00€

*Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf*



Curso “Organizacións que coidan: mediación e psicoloxía aplicada aos conflitos laborais”

PROGRAMA

1. Comprender o conflito máis aló do síntoma.

Análise dos elementos emocionais, narrativos e sistémicos que configuran os conflitos laborais, máis aló da descrición superficial do problema.

2. Mirada mediadora psicolóxica aplicada ás organizacións.

Introdución ao enfoque mediador e as súas achegas diferenciais respecto á xestión tradicional do conflito dentro das estruturas organizativas.

3. O rol do/a profesional da psicoloxía que media.

Límites, responsabilidades, posición profesional e riscos habituais ao intervir como mediador/a interno ou externo.

4. Ferramentas narrativas para a intervención.

Uso da externalización, a reformulación e a identificación de narrativas dominantes como recursos para xerar novas posibilidades de diálogo.

5. Preguntas que transforman.

Práctica de preguntas circulares, reflexivas e relacionais que permiten comprender patróns e abrir perspectivas alternativas.

6. Técnicas aplicables ao día a día.

Deseño de intervencións breves adaptadas a contornas laborais reais para xestionar tensións sen necesidade de procesos formais complexos.

7. Círculos de diálogo en contornas laborais.

Fundamentos, estrutura e recomendacións para facilitar espazos seguros e produtivos en equipos.

8. Reflexión profesional ante o conflito.

Exercicios de autoavaliación para identificar rumbos, reaccións persoais e estilos de intervención.

OBXECTIVOS

Explorar como a mediación, desde a mirada psicolóxica, pode contribuír e construír organizacións que coidan a súa xente, ofrecendo marcos comprensivos e ferramentas concretas para intervir en conflitos laborais, tensións de equipos e conversacións difíciles desde unha lóxica de coidado e non de castigo.



Curso “Organizacións que coidan: mediación e psicoloxía aplicada aos conflitos laborais”

METODOLOXÍA

- **Enfoque experiencial e dialóxico:** breves achegas teóricas sempre ao servizo da práctica e da análise de casos.
- **Traballo con casos reais e role-playing:** acometendo role-plays estruturados de mediación organizacional, e observación en subgrupos con foco nos tipos de preguntas, manexo de silencios, manexo de emocións e posicionamento da persoa mediadora.
- **Dinámicas en pequenos grupos e plenarias:** valéndose de análises sistémicos de casos reais achegados polas persoas participantes e o deseño colaborativo de micro-dispositivos de mediación/coidados aplicables en organizacións reais.
- **Reflexión sobre o rol profesional:** a través de espazos breves de autoexploración (que me pasa a min ante o conflito?, que me engancha?, que me custa?), e discusión crítica sobre límites e riscos de “psicoloxizar” problemas que tamén son estruturais (precariedade, sobrecarga, cultura autoritaria, etc.).

DOCENTE

JAVIER WILHELM WAINSTEIN (12790).

Psicólogo, mediador e doutor en Dereito e Ciencias Políticas.

Presidente da Sección Alternativas para a Resolución de Conflitos (ARC) do Col·legi Oficial de Psicologia de Catalunya.

Membro de GEMME España.

Profesor e comisionado para o benestar dos e das estudantes da UPF-BSM (UPF Barcelona School of Management).

Premio AMM (Asociación Madrileña de Mediación) á publicación do ano 2025 polo seu libro *“Mediación y cambio: Manual del Modelo Circular Narrativo de Mediación”*.

Formador de persoas mediadoras.



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Curso “Organizacións que coidan: mediación e psicoloxía aplicada aos conflitos laborais”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas inscritas no rexistro de mediación do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 21 de xaneiro de 2026.